

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

ACORDO do 23 de maio de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción, e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Brión (expediente IN407A2024/059-1).

Expediente: IN407A2024/059-1.

Solicitante: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: modificación M1-LMT, CT e RBT lugar de Gándara.

Concello: Brión.

1. Características técnicas:

- Substitución do apio nº A1D4AXD1//94 tipo HP 14/300 polo tipo C-14/1000, da LMT NEG805 Santiago 5 (exped. 27.325), procedente da subestación de Negreira, e no cal se instalará un interruptor telecontrolado (ITC). Retensado dos vans adxacentes.

- LMTS a 20 kV, de 578 m, condutor tipo RHZ1-2OL 12/20 kV 3x(1x150) mm² Al, con orixe no PA/S proxectado no apoio nº 94 que se vai substituír e remate no CTC proxectado.

- CT compacto prefabricado tipo rural, fin de liña de manobra exterior no lugar de Gándara, cunha potencia de 100 kVA, unha relación de transformación de 20.000/400-230 V e configuración 1L+1P.

2. Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro).



- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta a este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no portal de transparencia e Goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para o coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica e, de ser o caso, achegar as alegacións ou observacións que consideren adecuadas no prazo de trinta (30) días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña, 23 de maio de 2025

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

CVE-DOG: lod6cvw2-a7j7-vq75-cpf4-nt1f9urhwro0





ANEXO

Relación de bens e dereitos afectados. Concello de Brión

Modificación M1-LMT, CT e RBT lugar de Gándara

Nº parcela	Lugar e referencia catastral	Cultivo	Propietario	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m²	ml. aé.	ml. sot.	m² aé.	m² sot.
1	Lg. Gándara 934415NH2473 S0001HI	Urbana	Eugenio Vilas Picado	Centro trans.	18,21				
2	Agra Xestas 15013B505005890000MD	Rústico	Jaime Jorge Liñares	Apoio nº 1	2		4,3		12,99

Abreviacións:

ml. aé.: lonxitude da servidume aérea en metros lineais.

ml. sot.: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais.

m² aé.: superficie de servidume aérea en m².

m² sot.: superficie de servidume soterrada.

